

LIBRO I DOS CLUBS

Artigo 1

Son Clubs de Natación as Asociacións privadas integradas por persoas físicas ou xurídicas que teñan por obxecto a promoción dunha ou varias modalidades que conformen o deporte da Natación, a práctica desta polos seus asociados, así como a participación en actividades e competicións deportivas.

Artigo 2

Os Clubs réxense polos seus estatutos e regulamentos específicos, pola lexislación da Comunidade Autónoma e pola lexislación estatal.

Igualmente, rexeranse polas disposicións da FEGAN e a RFEN, ditadas dentro do ámbito da súa competencia.

Artigo 3

1. Todos os Clubs deberán inscribirse no correspondente rexistro de Asociacións Deportivas da Xunta de Galicia.

2. O recoñecemento, a efectos deportivos, dun Club por parte da FEGAN, farase previa solicitude por escrito dirixido á esta, acompañado de copia os Estatutos do Club, acta fundacional, composición da Xunta Directiva, domicilio social e inscrición no rexistro de Asociacións Deportivas da Xunta de Galicia.

Artigo 4

1. A solicitude de inscrición dun Club na FEGAN leva consigo a tramitación, por parte desta última, da inscrición do Club na RFEN. Unha vez inscrito na RFEN, asignaráselle un número de identificación e un nome abreviado, que se publicarán para o coñecemento xeral.

2. Calquera modificación habida nun Club, no que se refira aos seus estatutos, composición da Xunta Directiva e domicilio social será comunicada á FEGAN.

Artigo 5

O desempeño do cargo de Presidente e membro da Xunta Directiva dun Club será causa de incompatibilidade para ocupar o cargo de Presidente noutro Club no que se practiquen as mesmas especialidades.

Artigo 6

Son dereitos dos Clubs:

- a) Participar na elección dos órganos de goberno da FEGAN, nos termos establecidos nos seus Estatutos.
- b) Participar cos seus deportistas e equipos nas competicións oficiais de ámbito rexional, estatal e internacional que lle correspondan, nos termos e cos requisitos previstos nos respectivos Regulamentos de Competición.
- c) Acudir aos órganos competentes para instar o cumprimento dos compromisos ou obrigas regulamentarias derivadas das súas relacións deportivas.
- d) Elevar ante os órganos federativos competentes as consultas, reclamacións ou peticións que estean relacionadas co seu dereito ou interese, e interpor os recursos que regulamentariamente procedan.
- e) Percibir as subvencións da FEGAN na contía que se aprobe polo órgano competente.

f) Exercer a potestade disciplinaria na forma que establezan os Estatutos e Regulamento da FEDGAN.

Artigo 7 Son obrigas dos Clubs:

- a) Cumprir os Estatutos, Regulamentos e demais normas da FEDGAN.
- b) Contribuír ao sostemento da FEDGAN, abonando as correspondentes cotas, dereitos e compensacións económicas que se determinen pola Asemblea Xeral, así como as sancións económicas impostas polos órganos correspondentes.
- c) Abonar os gastos de cronometraxe que, segundo as normas federativas lles correspondan.
- d) Manter a disciplina deportiva evitando situacións de violencia ou animosidade con outros membros ou estamentos da Natación.
- e) Acatar a autoridade dos órganos deportivos competentes, os acordos ou instrucións destes, e o cumprimento, no seu caso, das sancións que lles sexan impostas.
- f) Facilitar os datos necesarios que deben figurar no Libro de Rexistro de Clubs.
- g) Facilitar a asistencia dos seus deportistas e técnicos aos equipos que represente a Galicia en Natación, Wáter-polo, Saltos, Augas Abertas, Máster e Sincronizada, así como ás actividades federativas de perfeccionamento técnico.
- h) Participar nas competicións oficiais de carácter autonómico ou estatal para as que se clasificou, debendo contratar os servizos dun técnico con titulación, polo menos, de Adestrador Auxiliar da modalidade que corresponda, titulado pola Escola Nacional de Adestradores e con licenza rexional en vigor. Establécese un prazo de tres anos, desde data de creación do Club, para a contratación do Adestrador Auxiliar.
- i) Pór a disposición da FEDGAN as instalacións nos casos que se establezan nos regulamentos de competicións.
- j) Cubrir a tramitación das licenzas dos seus deportistas, técnicos e directivos, tanto a nivel territorial como estatal cando se contemple a súa participación nalgunha competición deste nivel.
- k) Tramitar as inscricións para a participación en actividades oficiais de ámbito rexional, estatal e internacional, nos prazos que determine a FEDGAN, RFEN ou os órganos internacionais, e no número que se especifique para as diferentes competicións

Artigo 8

1. Un Club poderá fusionarse con outro sempre que o acorden os seus órganos competentes, e con estrito cumprimento da normativa aplicable, tanto a nivel interno como da lexislación autonómica se a houbese. A devandita fusión só poderá ter lugar entre Clubs domiciliados nunha mesma localidade ou en zona limítrofe dos dous e sempre ao final da tempada da que se trate, para que teña vixencia na seguinte.

2. O novo Club deberá cumprir os requisitos que se esixen aos de nova creación, e se subrogará en todos os dereitos e obrigas que, no ámbito da actividade federativa, ostentaban os Clubs orixinarios. En canto á súa situación nas competicións, quedará adscrito á categoría do que a tivese superior.

Artigo 9

1. Cando un Club teña varias seccións deportivas e adopte o acordo de escindir a sección de Natación en calquera das súas especialidades, poderá constituírse un novo Club coa sección escindida, que se subrogará nos dereitos e obrigacións que a orde federativa ostentaba o Club do que se escindiu, e manterá a súa participación na competición que tiña dereito no Club orixinario.

2. O Club xurdido da anterior conxuntura deberá remitir á FEDGAN o acordo de escisión, xunto coa documentación esixida a un Club de nova creación.

Artigo 10

Os Clubs non poderán ceder nin gratuíta nin onerosamente os dereitos adquiridos para participar en competicións oficiais de ámbito rexional ou estatal.

Artigo 11

Os Clubs, previo acordo adoptado na forma prevista estatutariamente, poderán darse de baixa na FEGAN. Así mesmo, os órganos xurisdicionais da FEGAN, de oficio ou a proposta do órgano federativo correspondente, poderán acordar a baixa dun Club, previa incoación do oportuno expediente, en base ás causas e segundo o procedemento regulado nos Estatutos e Regulamento Xeral da FEGAN.

Artigo 12

Para as relacións técnicas, administrativas ou deportivas coa FEGAN, o Club poderá nomear un delegado que deberá estar en posesión da correspondente licenza federativa territorial.

Artigo 13

1. Os Clubs, sempre que conste comunicación á FEGAN do acordo adoptado polo seu órgano competente, poderán utilizar publicidade sobre os seus deportistas e técnicos en calquera competición.

2. A publicidade que exhiban os deportistas e técnicos, só poderá consistir en emblemas ou símbolos, palabras ou siglas, de marcas comerciais, non podendo facer referencia a ideas políticas ou relixiosas, nin ser contrarias á Lei, á moral ou á orde pública, respectando, en todo caso, as normativas da FEGAN, RFEN, FINA e LEN respecto das medidas autorizadas.

Artigo 14

Para considerar que un Club ten actividade deportiva deberá ter como mínimo o seguinte número de licenzas de deportistas:

- Clubs cunha soa especialidade

Natación - 20 licenzas

Wáter-polo - 10 licenzas

Saltos - 5 licenzas

Sincronizada - 5 licenzas

- Clubs con máis dunha especialidade

40 licenzas